



BASES XERAIS DA CONVOCATORIA DE ELABORACIÓN DUNHA LISTA RESERVA DE PSICÓLOGOS/AS DIRECTOR/A DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DO CONCELLO DA ESTRADA

Primeira. Normas xerais

O obxecto das presentes bases é a elaboración, mediante o sistema de oposición dunha lista reserva de PSICÓLOGOS/AS DIRECTORES/AS DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) aos efectos de contratacións futuras motivadas por baixas por enfermidade, ausencias xustificadas prolongadas, acumulación de tarefas, etc.

Segunda. Características do posto

As funcións da Dirección do CIM (Centro de información á muller) e asesoramento psicolóxica son as establecidas no Decreto 130/2016, de 15 de setembro nos artigos 11 e 12 http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161011/AnuncioG0244-071016-0002_es.pdf

Terceira. Condicións

O carácter do contrato é temporal. Duración do contrato: segundo o motivo que dé lugar á contratación. En ningún caso poderá ser superior aos 3 anos desde o seu inicio, ao abeiro da lexislación vixente.

As condicións serán as establecidas no convenio aplicable, o Convenio colectivo do Concello da Estrada. As retribucións a percibir serán as do traballador/a substituído/a de ser o caso ou equivalente ao propio da categoría.

Cuarta. Condicións de admisión das persoas aspirantes

Para poder participar nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do [Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público:](#)

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da [Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia](#), permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros





estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

- c) Estar en posesión do título de Licenciado ou graduado en Psicoloxía ou titulación equivalente, ou estar en condición de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias.

Así mesmo, deberán acreditar a formación en igualdade de oportunidades esixida no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades, e a experiencia coa acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas ou ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I (entidades de acción voluntaria).

- d) Estar en posesión do carné de conducir, clase B-1 ou en condicións de obtelo na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

- e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

- f) Será requisito necesario para poder participar no proceso selectivo o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias, achegándose o xustificante de ingreso xunto coa instancia. Os dereitos de exame serán de conformidade co establecido na ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame, no caso de estar vixente.

- g) Non ser separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.

- h) Que non fora condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non se lles aplicará ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.





Quinta. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1. As persoas que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao alcalde do Concello da Estrada. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais da persoa solicitante, o seu enderezo e a denominación da praza convocada a que opta. Farase constar expresamente que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda da convocatoria, para o que cumprirá achegar a seguinte documentación compulsada:
 - 1) Unha fotocopia do documento nacional de identidade
 - 2) Fotocopia do título requirido.
 - 3) Currículum vitae e documentación acreditativa da formación e experiencia esixida.
 - 4) Fotocopia do carné de conducir.
 - 5) O certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 4 ou equivalente).
 - 6) O xustificante do pagamento das taxas de inscrición. A cantidade que se deberá aboar será de 20,00 €, que se pagarán na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario da entidade BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036 0191. No xustificante de ingreso terá que figurar o DNI da persoa candidata á praza. Non obstante, no Rexistro Xeral do Concello da Estrada facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude redactado segundo se recolle no anexo das presentes bases.
- Segundo a Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non se lles esixirá o pagamento polos conceptos “dereitos de exame” e “compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que o acrediten por medio da certificación emitida polo Instituto Nacional de Emprego ou do servizo homólogo da comunidade autónoma.
2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria en dous diarios de gran difusión na comarca. As Bases íntegras publicaranse na páxina web do Concello da Estrada, aestrada.gal, e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica <https://aestrada.sedelectronica.gal/board>
 3. A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello da Estrada ou e en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 26 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso, aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da solicitude mediante unha mensaxe de fax (986570836) ou de correo electrónico (persoal@aestrada.es) e durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase do mesmo xeito no caso de presentar a solicitude noutra administración pública.
 4. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.





Sexta. Admisión de aspirantes

1. Unha vez rematado o prazo dos 10 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal a listaxe persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. No caso de non existir persoas excluídas, a lista será considerada como definitiva.
2. No caso de existir persoas aspirantes excluídas, dispoñerán dun prazo de tres días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do acordo, para poderen emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

Sétima. Tribunal cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

O tribunal cualificador estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a (que actuará con voz pero sen voto) e tres vogais, cos/coas seus/súas correspondentes suplentes. Ao abeiro do artigo 59.4 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, as persoas membros dos órganos de selección, á excepción do Secretario, deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

As persoas membros dos tribunais deberanse abster de intervir cando concorreren nelas algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Este feito deberanllo comunicar ao alcalde. Tampouco poderán intervir se realizaron tarefas de preparación de aspirantes para o mesmo corpo e especialidade durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar as persoas membros do tribunal cando nelas concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o tribunal tamén se poderán incorporar as outras persoas vogais titulares que non concorren á sesión constitutiva e, de ser o caso, as suplentes.

As persoas membros do tribunal que asistan ás súas sesións percibirán axudas de custo pola súa asistencia, na contía legalmente establecida.

Oitava. Comezo dos exercicios

1. Os/as interesados/as presentaranse no lugar, día e hora, fixados no intre da publicación da relación de admitidos e excluídos, aos efectos de levar a cabo as probas.
2. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun chamamento único. As persoas opositoras que non se presenten aos exercicios perderán os seus dereitos, agás nos casos debidamente xustificadas, que o tribunal terá que resolver de xeito motivado.
3. As persoas aspirantes deberanse presentar para realizaren cada exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a realización das probas.





Novena. Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas

1. O tribunal poderalles requirir ás persoas opositoras que acrediten a súa identidade en calquera momento.
2. A orde de actuación das persoas opositoras, para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará pola letra Q, consonte a RESOLUCIÓN de 24 de enero de 2019 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración dla Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Se en calquera momento do proceso selectivo chega ao coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, despois dunha audiencia coa persoa interesada, deberáselle propoñer ao alcalde a súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.
4. Unha vez concluídos cada un dos exercicios da oposición correspondente, se fará pública, no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal, a relación de aspirantes que os superaron, con indicación da puntuación obtida. As persoas opositoras non incluídas na lista terán a consideración de non aptas.
5. A listaxe de persoas aprobadas de cada exercicio deberase publicarse no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal, cando menos, con 12 horas de antelación con respecto á nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio; e con 24 horas de antelación cando se trate dun exercicio novo.
6. Desde a finalización dun exercicio ou proba ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un período mínimo de 72 horas e máximo de 45 días naturais.
7. Contra os acordos do tribunal poderase interpoñer un recurso administrativo ante o órgano competente, conforme o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décima. Exercicios da oposición

Primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en contestar, por escrito, un cuestionario tipo test de 75 preguntas, con 4 respostas alternativas das cales só unha delas será a correcta, baseadas no contido do temario da convocatoria. As persoas opositoras dispoñerán de 90 minutos para a realización do cuestionario. O tribunal será o encargado de elaborar o cuestionario, para o que se reunirá na data que acorde no momento da súa constitución. Con respecto aos criterios de corrección as preguntas contestadas erróneamente, non restarán.

Segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de 2 horas, un tema proposto polo tribunal de entre os comprendidos no temario da parte específica. Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre o tema exposto, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese.

Terceiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en desenvolver, por escrito e durante un período máximo de 90 minutos, un suposto





práctico relativo a tarefas propias das funcións asignadas ao posto segundo o temario Anexo, que expoñerá o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

Neste exercicio valorarase a capacidade de raciocinio, a sistematización no desenvolvemento e a formulación de conclusións, tendo en conta o nivel de titulación esixido na convocatoria.

Cuarto exercicio : proba de galego

As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentas de realizar a proba específica as persoas aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio en lingua galega. As restantes persoas opositoras terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa, serán consideradas non aptas.

Décimo primeira. Cualificación dos exercicios da oposición e listaxe de persoas aprobadas

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición, serán cualificados de 0 a 10 puntos (agás a proba de galego, que se puntuará coa cualificación de apto/a ou non apto/a). Para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte é necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

A cualificación final estará determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polas persoas aspirantes que fosen superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de aprobadas establecerase de maior a menor puntuación.

Unha vez determinada a cualificación final das persoas aspirantes, se fará pública a listaxe de persoas aprobadas, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio. Se isto non for suficiente, resolverase tendo en conta a puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Décimo segunda.- Funcionamento da Lista Reserva

A lista terá unha vixencia de tres anos. Se un aspirante renuncia á contratación será borrado da lista. Se presenta a súa renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar o último lugar da lista. Os aspirantes que estiveran contratados, unha vez rematado o período de contratación, volverán a ocupar o lugar que tiñan na lista por orde de puntuación. Cando completen un ano de contratación (con un ou sumando varios contratos), unha vez rematado o contrato que dou lugar ao chamamento, pasarán a ocupar o último lugar da lista.

Décimo terceira. Carácter vinculante das bases

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.





Décimo cuarta. *Incidencias e recursos*

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).

ANEXO I. TEMARIO

PARTE XERAL

- 1.- A Constitución Española de 1978: significado e estrutura. Principios xerais: reforma da Constitución. Dereito e deberes fundamentais dos españois. Garantía e suspensión. A organización do Estado español na Constitución.
- 2.- A organización do Estado na Constitución. A Coroa. As Cortes Xerais: composición, atribucións e funcionamento. Elaboración das leis. O Poder Xudicial. Organización xudicial española. O Tribunal Supremo. O Consello Xeral do Poder Xudicial.
- 3.- O Poder Executivo. Organización do Goberno da nación. Duración e responsabilidade do Goberno. A administración periférica do Estado. Os Delegados e Subdelegados do Goberno. Outros órganos periféricos.
- 4.- Estatuto de autonomía de Galicia. As institucións da comunidade autónoma: o Parlamento. O Consello da Xunta. O/a presidente/a.
- 5.- As fontes do dereito administrativo. A Constitución. A lei. Disposicións do Goberno con forza de lei: decretos-leis e decretos legislativos. O regulamento: concepto, caracteres e clases. Límites dos regulamentos. Regulamentos ilegais. A delegación legxslativa.
- 6.- O servizo público. Formas de xestión dos servizos públicos. Xestión directa. Xestión indirecta: a concesión administrativa de servizos públicos.
- 7.- O Estado das autonomías. Modo de organización estatal na Constitución española. Competencias das comunidades autónomas. Contido e valor normativo dos estatutos de autonomía. O Estatuto de Autonomía de Galicia. A cooficialidade lingüística.





8.- O dereito administrativo e o seu concepto. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia.

9.- O acto administrativo: concepto, elementos e clases. Invalidez dos actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Os recursos administrativos. Revisión de oficio dos actos administrativos.

10.- O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Os expedientes e o seu arquivo.

11.- O rexistro de documentos. Comunicacions e notificacións. A práctica das notificacións. O cidadán como cliente da Administración.

12.- A Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (I). Os actos administrativos. Produción e contido. Motivación. Forma. Eficacia de los actos. Nulidade e anulabilidade. Termos e prazos. Obrigación de resolver. O silencio administrativo. Execución dos actos en vía administrativa.

13.- A Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (II). O procedemento administrativo común das Administracións Públicas: Concepto. Abstención e recusación. Capacidade de obrar. Concepto de interesado. Representación. Rexistro electrónico de apoderamentos. Pluralidade de interesados. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento.

14.- A administración electrónica. Normativa reguladora. Funcionamento electrónico da Administración.

15.- A Administración local: concepto e evolución. A Administración local na Constitución española. Regulación xurídica actual do réxime local. Entidades que comprende. O municipio e as súas competencias. Servizos mínimos obrigatorios.

16.- A potestade regulamentaria municipal. Ordenanzas e regulamentos: clases, elaboración e aprobación.

17.- O Goberno municipal. Clases de órganos. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Outror órganos complementarios.

18.- A función pública local. Concepto e clases de funcionarios. Adquisición e perda da condición de funcionario. Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos funcionarios. Réxime disciplinario. Situacións administrativas.

PARTE ESPECÍFICA

19.- Real Decreto-Lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do pacto de estado contra a violencia de xénero.

20.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Título preliminar; Título I O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación; Título II Políticas públicas para a igualdade; Título III Igualdade e medios de comunicación.

21.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.: Título IV O dereito ao traballo en igualdade de oportunidades; Título V O principio de igualdade no emprego público.

22.- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: Título preliminar, Título I Medidas de sensibilización, prevención e detección; Título II Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.





- 23.- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: Título III Tutela Institucional; Título IV Tutela Penal; Título V Tutela Xudicial.
- 24.- Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia: disposición final terceira. Modificación da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- 25.- Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da orden de protección das Vítimas da Violencia Doméstica.
- 26.- Resolución do 9 de xuño de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se aproba o protocolo de derivación entre centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.
- 27.- Real Decreto 1971/2008, de 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 28.- Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia. Concepto. Ámbito territorial de prestación dos servizos dos CIM. Principios de actuación. Funcións dos CIM. A Rede CIM.
- 29.- Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia. Recursos materiais. Requisitos funcionais. Recursos humanos. Funcións de asesoramento psicolóxico.
- 30.- Resolución do 28 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da comunidade autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. Programa de apoio aos centros de información á muller. Solicitud de xestión compartida. Criterios de valoración. Xustificación.
- 31.- Resolución do 28 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da comunidade autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. Disposición adicional única. Mulleres en situación de vulnerabilidade.
- 32.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero: Título preliminar; Título I Prevención da violencia de xénero; Título II: Protección e asistencia fronte á violencia de xénero.
- 33.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Título III: Organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero.
- 34.- Decreto 157/2012, do 5 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación: Natureza, fins e funcións do Consello Galego das Mulleres; Natureza, fins e funcións do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e da Comisión Asesora de Publicidade Non Sexista; Natureza, fins e funcións da Comisión Interdepartamental da Igualdade.
- 35.- Lei 12/2016 de 22 de xullo, de modificación da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- 36.- Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro, do texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade: Título preliminar; Título I; Título II.





- 37.- Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro, do texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade: Título III; Título IV.
- 38.- Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero.
- 39.- Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, de 22 de xullo.
- 40.- Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.
- 41.- Lei 2/2017, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- 42.- Protocolo de acceso á rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero.
- 43.- Centro de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero (CEMVI).
- 44.- Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- 45.- A Aplicación CIM e a Aplicación PARTICIPA 1420.
- 46.- Servizo telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero, (ATENPRO): Descrición. Obxectivos. Requisitos de acceso.
- 47.- Programa Abrámolo Círculo. (COP Galicia).
- 48.- Programa de atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero (COP Galicia).
- 49.- Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral de Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).
- 50.- Protocolo de Coordinación e Cooperación institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 51.- Renda Activa de Inserción e vítimas de violencia de xénero.
- 52.- Programa de axudas para a concesión das estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.
- 53.- Orde do 11 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
- 54.- O CIM do Concello A Estrada. Estrutura e organización. Ámbito de actuación. Coordinación con outros servizos.
- 55.- Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres do Concello de A Estrada.
- 56.- Intervención psicolóxica con mulleres vítimas de violencia. Principios básicos de intervención. Características específicas do tratamento.
- 57.- Tipoloxías das violencias de xénero concepto e causas. Violencias directas e indirectas.





- 58.- Medidas de autoprotección para a vítima de violencia de xénero. O plan de seguridade.
- 59.- Proposta de pautas para a intervención integral e individualizada con mulleres vítimas de violencia de xénero, os seus fillos e fillas e outras persoas ao seu cargo.
- 60.- Recomendacións para a entrevista clínica á muller ante a sospeita de maltrato. Exemplos de preguntas ante a sospeita de maltrato. Preguntas para valorar a situación e tipo de violencia. Preguntas para valorar a situación de risco.
- 61.- Posibles indicadores de sospeita nos antecedentes e características da muller. Principais indicadores/alerta que presentan ou refiren as mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 62.- Posibles Indicadores que presentan ou refiren as nas nenas e nenos ou nas mozas e mozos que sufriron ou sofren situacións de violencia de xénero.
- 63.- Recursos, programas e servizos para a violencia de xénero. CIM. Puntos de Encontro familiar. Gabinete de orientación familiar (GOF). Programa atención psicolóxica a mulleres. Programa Abrámolo círculo. Centro de Recuperación Integral.
- 64.- Recursos de protección. Equipos especializados de atención ás vítimas, dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado: UFAM Investigación, UFAM Protección, Policía Autonómica, Equipos de Mulleres e Menores (EMUME) da Garda Civil.
- 65.- Recursos de protección. Servizo de teleasistencia ou marcación rápida. Programa de teleasistencia ATEMPRO.
- 66.- Recursos de intervención e seguimento xudicial. Programa de asistencia xurídica. Unidade de Violencia contra a muller da Subdelegación do Goberno. Punto de coordinación das Ordes de Protección.
- 67.- Recursos económicos para a violencia de xénero.
- 68.- Recursos residenciais, de acollida e de vivenda para a violencia de xénero.
- 69.- Definición e dinámicas da violencia de xénero. O ciclo da violencia.
- 70.- Recomendacións no uso da linguaxe empregada na abordaxe da violencia de xénero.
- 71.- Síndrome da muller maltratada. Consecuencias na saúde física, mental e social.
- 72.- Atención multidisciplinar e coordinación no tratamento da violencia de xénero entre diferentes ámbitos (social, sanitario, policial, xurídico, psicolóxico). Protocolos de actuación.
- 73.- Organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero en Galicia.
- 74.- Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 75.- Código deontolóxico do/da psicólogo/a.
- 76.- As distorsións cognitivas na violencia de xénero. Intervención cognitivo-condutual na violencia de xénero.
- 77.- Ámbitos psicolóxicos de intervención na muller vítima de violencia de xénero: autoestima, habilidades sociais, rede de apoio, autonomía, empoderamento, resiliencia.
- 78.- Recomendacións para un uso inclusivo da linguaxe.
- 79.- A socialización diferencial: o papel do sistema educativo, do ámbito familiar, comunitario e dos medios de comunicación.
- 80.- As oficinas de atención á vítima nos xulgados.





- 81.- O modelo do amor romántico e as súas consecuencias. Mitos.
- 82.- O acoso. O acoso nos espazos públicos. O acoso laboral por razón de xénero. O acoso sexual. Ciberacoso.
- 83.- A mediación familiar. Estrutura do proceso de mediación.
- 84.- Principio de igualdade entre mulleres e homes. Discriminacións directas e indirectas. As medidas de acción positiva.
- 85.- A prevención da violencia de xénero. Coordinación entre diferentes ámbitos. Medidas de prevención.
- 86.- A entrevista como técnica de diagnóstico e intervención: modelos teóricos e diferentes tipos de entrevista.
- 87.- A corresponsabilidade familiar. A coeducación. A educación para a igualdade nas aulas e na familia.
- 88.- A avaliación psicolóxica. Estratexias de avaliación e diagnóstico.
- 89.- O informe psicolóxico dende o ámbito do CIM. O informe pericial psicolóxico forense.
- 90.- O impacto da violencia de xénero nos menores. Factores de risco e de protección. A Intervención psicolóxica con fillos/as de nais vítimas de violencia.

A Estrada, 19 de decembro de 2019

O ALCALDE

D. José C. López Campos

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Cod. Validación: 4SDZ53NVA5Z4APFDXST5HJK9H | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12